


Un acontecer vital con ton autobiográfico

O manexo dosificado e xusto do extraordinario cotián fan de Francisco Fernández Naval un dos mellores narradores da literatura galega. POR LEO F. CAMPOS FOTO XDG

NON É FRANCISCO X. Fernández Naval un autor alá moi atendido pola crítica. Unha rápida busca na Internet dos seus dous apelidos entre aspas devólvenos uns resultados ben pobres: presentacións editoriais, librarías, prezos e apenas unha recensión crítica da novela (*O bosque das Antas*, V Premio Xerais, 1988) que o consagrou, aos 32 anos, como un dos primeiros narradores en acaroarse co gran tema da narrativa galega contemporánea: a Guerra Civil. Hai autores que levantan ruído e outros que levantan o po. Fernández Naval é destes últimos. Capaz, aínda que non só, do lirismo dun Manolo Rivas; tecnicamente habelencioso, na liña do outro grande iniciador do ciclo do 36, Xosé Fernández Ferreiro (Agosto do 36, Xerais, 1991); Naval quítalles o po ás fotografías en sepia a por de estrañamento, aplicándolles o inquietante ton da prosa dun Cortázar aos recordos de noso, para que volvan ser. Chama a atención a redondez e simetría na disposición dos relatos que conforman *Para seguir bailando* (Xerais, 2009). Estamos diante dun libro compacto, interpretable como



PARA SEGUIR BAILANDO
FRANCISCO X. FERNÁNDEZ NAVAL
Xerais, 2009
152 páxinas
15,80 euros

un todo narrativo, se non por razóns argumentais, si en virtude da estrutura que revela a disposición das súas pezas. Temos dous eixos espazo-temporais homónimos, “Contemporáneos I” e “II”, situados a dous contos do principio e a dous do final respectivamente, sobre os que pivota toda a obra. Entrambos falan da dialéctica urbano-rural dende puntos de vista complementarios. Antes, “Noite de pallabarro” e “Noite de cloroformo” encetan a obra dende os dominios da infancia e a primeira mocidade.



“Margot, a noite e un adeus”, un dos relatos que ten de fondo a cidade de Bos Aires

O núcleo duro constitúeno os dous relatos que tratan a política actual dende ópticas outra volta complementarias: a resistencia armada (“O escriba e o comandante”) e a Administración do poder (“Ovos de serpe”). O núcleo brando constitúeno “A vida secreta de L.” e “A noite de Ith”, que pescudan, en contraste cos dous anteriores, no ámbito do privado, no primeiro dende dentro dos protagonistas e no segundo dende fóra. O colofón lévanos até Bos Aires e a idade madura con “Margot, a noite e un adeus” e “Para seguir bailando”. O libro *Para seguir bailando* trata da vida. É unha obra total

que percorre diacrónica e diatopicamente un acontecer vital que supoñemos apoiado na propia peripecia autobiográfica do autor, máis ca nada porque sabemos da súa querenza por Cortázar, da súa militancia na memoria histórica dende as orixes do concepto, da súa preocupación pola desaparición do rural, do exquisito coidado que pon no retrato dos personaxes femininos e do seu posicionamento político. Fernández Naval, lamentámonos, caeu no saco roto dos narradores de fasquía tradicional que trataron o 36, sepultados ou eclipsados polas toneladas

de pasta de papel gasta no tema. Nada máis inxusto. A sensibilidade, a precisión no uso do símbolo, o dominio da creación de ambientes, a transparencia da súa prosa, que é quen de disimular o impresionante traballo técnico –arriscado e vangardista por veces– que a sustenta e o manexo dosificado e xusto do extraordinario cotián fan del un dos nosos mellores narradores, e desta última entrega unha das mellores mostras do que estou a dicir. Pola miña banda, só me queda escribir aquí o único e o máximo que podo: léano. ●

La malaria multiplica las muertes por la guerra

La picadura del mosquito *Anopheles* provoca la muerte de 3.000 niños cada día. Esta realidad supone un gran obstáculo para el éxito de las iniciativas que combaten el hambre, la guerra o la sequía. La malaria, pese a ser prevenible y curable, constituye una epidemia de primer orden cuyas consecuencias sufren especialmente niños y mujeres embarazadas.

INFÓRMATE EN EL 902 22 22 92

WWW.SOBREMALARIA.ES

// ALIANZA EUROPEA CONTRA LA MALARIA
Trabajando por un mundo libre de malaria

